

e

scena

30

de

decembro

2008

e

# e\_scena

BOLETÍN DE INFORMACIÓN DA AGADIC

e-scena é unha  
publicación mensual  
de distribución electrónica.

Edita: Axencia Galega das  
Industrias Culturais (AGADIC)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Fotografías: Arquivo AGADIC

D.L.: C-826-06

decembro 2008

## O CENTRO DRAMÁTICO GALEGO CREA UNHA WEB ESPECÍFICA PARA DIFUNDIR OS TEXTOS DOS AUTORES DE TEATRO ACTUAIS



EN DRAMATURXIASDAACTUALIDADE.ORG CONVIVIRÁN  
AS OBRAS ESCRITAS POLOS ALUMNOS DO CURSO DO CENTRO  
DE CREACIÓN DRAMÁTICA CONTEMPORÁNEA CON OUTRAS  
OBRAS DA DRAMATURXIA GALEGA E UNIVERSAL

TODOS OS USUARIOS DA INTERNET PODERÁN ACEDER  
DE XEITO GRATUÍTO Á VERSIÓN ÍNTEGA DOS TEXTOS  
EN FORMATO PDF


O Centro Dramático Galego (CDG) porá en funcionamento este mes de decembro unha web específica para acadar a máxima difusión dos textos escritos polos autores de teatro galego actuais. A iniciativa, con escasos precedentes no Estado español, estará accesible a todos os usuarios da internet no dominio dramaturxiasdaactualidade.org e como unha actividade más das xeradas polo Centro de Creación Dramática Contemporánea (CDC), dependente do CDG.

[continúa na pantalla seguinte]

### SUMARIO

- [1-6] NOVAS
- [1-3] AGADIC
- [3-4] Centro Coreográfico Galego
- [4-5] Centro Dramático Galego
- [6] EAEM
- [6] NOVIDADES EDITORIAIS
- [7-8] AXENDA
- [9] ALERTA!
- [10-11] E\_SCENA EN CIFRAS

Podes navegar por e\_scena  
premando nas entradas de  
sumario, no símbolo «e\_scena»,  
enderezos de internet e nos  
nomesalgúnsorganismos.



[vén da pantalla anterior]

O novo sitio aspira ao dobre obxectivo de ser a vía de acceso de referencia para medir o pulso da escrita dramática galega actual, e, ao tempo, de servir de plataforma de lanzamento para os creadores. Así o anunciou o pasado mes en Alacante, no marco da Muestra de Teatro Español de Autores Contemporáneos, a directora do CDG, Cristina Domínguez Dapena.

Neste espazo virtual convivirán os textos escritos polos alumnos de todas as edicións do curso anual *Pistas para unha dramaturxia de actualidade* –que dirixe dentro do CDC Cándido Pazó– con outras obras emblemáticas da dramaturxia galega. Tamén haberá un espazo para textos escritos en calquera lingua, así como para obras en reposición.

#### TEXTOS COMPLETOS

A *interfaz* proporcionará acceso libre e gratuito aos textos completos, debidamente autorizados polos autores. Deste modo, tanto agrupacións de teatro afeccionado, asociacións culturais, grupos de teatro escolar, etc., poderán coñecer as obras, temáticas e tendencias que conforman a escrita dramática de hoxe en día en Galicia; como paso previo á consideración da posibilidade de incorporalas ás súas producións.

Os textos estarán accesibles e en formato pdf no menú da páxina web correspondente á dramateca. Cada un deles irá acompañado dunha ficha técnica coa información práctica da obra: título, ano de creación, público ao que vai dirixido, número de personaxes masculinos e femininos, nú-

**Dramaturxias da Actualidade**

**PRESENTACIÓN**

**DRAMATECA**

**FORO**

**COLABORA**

**Pistas para unha Dramaturxia da Actualidade**, unha iniciativa que hai tres anos puxo en marcha o Centro Dramático Galego, ten por vocación non se limitar á programación dun ciclo anual de seminarios e encontros arredor da escrita teatral nin ao seguimento dos textos que fazan deses ciclos. O que esa iniciativa pretende é impulsar unha dinámica de encontro, coñecemento mutuo e intercambio de ideas e estímulos en relación á creación textual dramática galega.

Nesa intención, esta web pretende ser un híbrido entre un depósito público e accesible de textos dramáticos e un foro de lectura teatral. Un lugar na rede no que topámonos con materiais, súgestións e informacións sobre o que, desde o sistema teatral galego ou susceptible de ser usado por el, foi escrito recentemente ou está a ser escrito na actualidade.

É de supor que desde que os clásicos gregos compuxeron os seus primeiros textos teatrais e até o dia de hoxe, a esencia da praxe da escritura dramática non mudou: talento, coñecemento e exercitación. É de supor que ningunha das novas ferramentas que poídan aparecer, ou que foron aparecendo ao longo da historia, vai facer que esa esencia mude. Mais é seguro que axudaron e

mero de baixadas do arquivo, sinopse do argumento e unha pequena nota biográfica do autor en destacado.

Ademais, e para facer máis doada a localización, incorporarase un motor de busca por distintas categorías, entre elas o autor/a, título, ano e número de personaxes. Tamén haberá un apartado que funcionará como foro de intercambio de opinións.

Con dramaturxiasdaactualidade.org, o CDG segue a apostar pola súa política de poñer en conexión por todos os xeitos posibles o traballo de producción escénica coas temáticas que interesan á sociedade do século XXI, neste caso desde o seu apoio á difusión da obra dos autores contemporáneos e en resposta á demanda de moitos deles de crear desde a institución unha plataforma conxunta para dar a coñecer os seus títulos.

#### A CONSELLEIRA DE CULTURA ANUNCIA A ELABORACIÓN DUN PLAN GALEGO DAS INDUSTRIAS MUSICAIS

A conselleira de Cultura e Deporte, Ánxela Bugallo, anunciou o pasado 12 de novembro no Parlamento de Galicia a próxima elaboración dun plan coas liñas estratéxicas a desenvolver para potenciar a industria musical galega. Bugallo defendeu na mesma intervención a necesidade de elaborar un Plan Galego da Industria Musical que sexa o marco de referencia para as políticas de apoio á creación, producción, distribución e visibilidade da industria musical galega.

Este plan atenderá tanto á vertente da música gravada, que afecta ás empresas fonográficas e de edición, como a da música ao vivo, na que participan empresas de *management*, axencias de contratación, promotoras de concertos, festivais, salas privadas, etc.

O proceso porase en marcha en 2009 desde a AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), seguindo o mesmo modelo empregado en 2008 co deseño do Plan Galego das Artes Escénicas. Será un proceso participativo, a través de diferentes mesas de traballo nas que intervirán tanto representantes das asociacións profesionais como especialistas dos respectivos temas a tratar.

**A AGADIC E TRIS TRAM  
PUBLICAN AS GRAVACIÓNOS  
DA MÚSICA GALEGA DOS  
ANOS 1975 A 2000**

A AGADIC e a editorial Tris Tram acaban de sacar a rúa o volume titulado *As gravacións da música galega (1975-2000)*, un traballo de máis de 400 páxinas do que é autor o profesor Xaime Estévez Vila e no que se cuantifica obxectivamente en máis de 9.000 temas todo o inxente legado da música galega gravada no marco temporal do último cuarto do século XX.

Para a realización do libro analizáronse un total de 774 gravacións, que puxeron ao descuberto 468 agrupacións ou artistas, 485 horas de música e 9.289 temas. Esta investigación aporta ademais datos sobre intérpretes, compositores, editoriais, referencias xeográficas, letristas, instrumentos, formas musicais, etc.

Ofrécense tamén análises cronolóxicas, cuantitativas e estilísticas que descobren, por exemplo, máis dunha ducia de tipoloxías e matices diferentes para a música galega, os temas más gravados, a evolución da edición discográfica ou as agrupacións e compositores más relevantes do devandito período, así como datos concretos sobre as particularidades da música galega.

Facilitanse 200 páxinas de índices e informes ordeados para a súa consulta, incluído un índice gráfico,



e até 32 táboas analíticas e cadros demostrativos. Todos estos datos van acompañados dun marco teórico sobre a música galega: nomes propios, recompilación, conexións con outras músicas, fontes, estilos... o que fai desta edición unha referencia imprescindible para afondar na realidade e na verdadeira dimensión da música galega gravada, quizás insuficientemente coñecida e valorada pola inexistencia de traballos musicolóxicos e científicos desta amplitude.

A publicación nace da tese de doutoramento realizada baixo a dirección da doutora Pilar Lago Castro e que mereceu o premio extraordinario de doutorado da UNED en 2007. A propia Lago asina o prólogo da obra e Roberto Romaní faise cargo das páxinas de presentación. A AGADIC e a editorial Tris Tram acordaron a edición dunha parte deste traballo de investigación polo seu grande interese divulgativo e de posta en valor dunha parte do noso patrimonio cultural inmaterial.

**ESGOTADAS AS PRAZAS  
PARA O TALLER DE  
PETER MICHAEL DIETZ  
“O CORPO DINÁMICO”**

Do 15 ao 19 de decembro terá lugar na escola Espacio Aberto de Santiago de Compostela o curso *O corpo dinámico*, a cargo de Peter Michael Dietz, que forma parte da oferta de formación do Centro Coreográfico Galego para a temporada 08-09. Este taller, dirixido a estudiantes e profesionais da danza e outras artes do movemento, obtivo unha grande acollida e esgotou en breve prazo todas as prazas que se ofertaban.

Peter Michael Dietz, integrante da compañía portuguesa Paulo Ribeiro, dirixe este *workshop* que pretende enfocar dende o chan as conexións verticais e que emprega a técnica *Hands on* para conseguir unha mellor noición do bailarín en relación a outros corpos. A proposta parte da aceptación de que o noso corpo e o noso movemento é distinto cada día. Buscarase ese movemento singular, improvisado ou musical para aprender e divertirse.

Peter Michael Dietz desenvolve a súa actividade na danza, o movemento e o espectáculo desde 1984. Na actualidade traballa coas compañías Paulo Ribeiro, Compañía Clara Andermatta e Jangada de Pedra. É un dos formadores regulares do CEM (Centro en Movimento de Lisboa), do Forum Dança (Lisboa), do Chapitô (Lisboa) e do Lugar Presente (Viseu). Tamén organiza actividades formativas puntuais na Escola Superior de Danza e no Conservatorio de Danza de Lisboa, e workshops dentro e fóra de Portugal.



Peter Michael Dietz

**13 BAILARÍNS E BAILARINAS  
INICIAN OS ENSAIOS DE  
“GISELIÑA” ÁS ORDES  
DE CISCO AZNAR**

O Centro Coreográfico Galego comezou estes días os ensaios da que será a súa terceira producción, despois de *Vacuo* de Maruxa Salas e *Kiosco das almas perdidas* de Roberto Oliván. Trátase de *Giseliña*, unha libre adaptación de *Giselle*, dirixida polo coreógrafo catalán afincado en Suíza Cisco Aznar. A peza, que conta coa colaboración do Centro Párraga de Murcia, de La Laboral de Xixón e do Concello da Coruña, estrearase no Teatro Rosalía Castro da Coruña o 7 de marzo de 2009.

Aznar quere plasmar nesta nova creación algúns dos ideais do romanticismo na época cargada de “racionalismo snob na que vivimos”, di. O coreógrafo catalán afirma que nesta elección tivo un papel importante a

temática da obra orixinal, que coincide con certos códigos da cultura popular galega, e algúns dos ideais románticos, que se adaptan plenamente a súa propia visión creativa.

Cisco Aznar seleccionou a través dunha audición pública internacional ao seu equipo de traballo, do que forman parte trece bailaríns, cinco deles galegos. Pablo Palacio na composición musical, Laure Dupont na asistencia de coreografía, Antón Vázquez no deseño de iluminación e Luis Lara no deseño de escenografía, vestiario e máscaras completan o equipo de *Giseliña*. O CCG asinou ademais un convenio coa Consellería de Educación para que alumnos da Escola de Arte Mestre Mateo fagan prácticas no CCG durante o proceso de deseño e realización do vestiario.

+ info en

[www.centrocografico.org](http://www.centrocografico.org)

## ÉXITO DA ESTREA GALEGA DA COPRODUCCIÓN CON PAULO RIBEIRO "FEMININE"

A compañía Paulo Ribeiro e o Centro Coreográfico Galego (CCG) da Consellería de Cultura e Deporte levaron a cabo con grande éxito a estrea galega do espectáculo *Feminine*, que tivo lugar o pasado 20 de novembro no Teatro Jofre de Ferrol. A montaxe pertence ao programa de coproducións 2007-2008, a través do que o CCG apoia proxectos de danza de iniciativas profesionais independentes e

de empresas de titularidade privada.

No caso de *Feminine*, o sistema de coproducción permitiu que as galegas Olalla Pérez Lemus e Andrea Álvarez Pino participaran no proceso de creación como axudantes de dirección e producción, respectivamente. As dúas traballaron durante catro meses coa compañía portuguesa, coñecendo e participando nos distintos aspectos que interveñen na posta en marcha dun espectáculo de danza. Tamén como froito

desta colaboración, Peter Michael Dietz, asistente de coreografía de Ribeiro, impartirá en decembro en Galicia un *workshop* dirixido a estudantes e profesionais da danza e outras artes do movemento.

*Feminine* pescuda o universo do poeta Fernando Pessoa a través da ollada de cinco mulleres interpretadas polas bailarinas Elisabeth Lambeck, Erika Guastamacchia, Leonor Keil, Sao Castro e a actriz Margarida Gonçalves. Con coreografía e dirección de Paulo Ribeiro e

música de Nuno Rebelo, esta proposta ofrécenos a posibilidade de coñecer o traballo dun dos colectivos artísticos de maior relevancia na danza contemporánea peninsular.

A coprodución visitará até abril de 2009 distintos escenarios de Galicia e Portugal (entre eles o Teatro Principal de Santiago o 20 de decembro) e participará no mes de febreiro no Festival New Territories de Glasgow (Escocia).

+ info en [www.pauloribeiro.com](http://www.pauloribeiro.com)  
e [www.centrocografico.org](http://www.centrocografico.org)



*Feminine*



Imaxe: Signum

## O SALÓN TEATRO DESPIDE 2008 COA TRADICIONAL MOSTRA DE TEATRO INFANTIL

O Salón Teatro de Santiago despedirá a programación de 2008 coa xa tradicional Mostra de Teatro Infantil no Nadal, unha iniciativa que vén celebrándose desde o ano 2000 sempre nas mesmas datas, do 26 ao 30 de decembro.

Na actual edición, o ciclo abranguerá espectáculos de distintos formatos e diferentes técnicas, desde títeres de luva e teatro de actor até números de circo. Haberá, ademais, funcións de teatro galego e pro-

postas doutras procedencias, así como espectáculos específicos para as distintas franxas de idades, desde os menores de tres anos até público familiar.

Na Mostra de Teatro Infantil no Nadal 2008 exhibiránse cinco espectáculos: *Babiliglub*, de Galitoon (día 26); *Diz que diz*, dos portugueses Teatro do Frio (día 27); *Ringorrango*, de Pistacatro (día 28); *La ciudad inventada*, dos vascos Gorakada (día 29); e *Cristovo e o libro das marabillas* de Sarabela Teatro (día 30).

+ info en  
[www.centrodramatico.org](http://www.centrodramatico.org)

Valdemuller

**O CDG COLABORA POR TERCEIRA VEZ CO PREMIO DIARIO CULTURAL DE TEATRO RADIOFÓNICO**

O Centro Dramático Galego colabora por terceiro ano consecutivo na organización do Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, unha iniciativa da Radio Galega que conta co patrocinio da Consellería de Cultura e Deporte e que pretende fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio, facilitar o diálogo entre autores e medio radiofónico, divulgar a escrita teatral galega, promover o encontro entre a audiencia e o teatro e contribuír á recuperación do formato de teatro radiofónico desde unha perspectiva contemporánea.

O xurado, integrado por profesionais do mundo da escena e da radio, seleccionará, dos orixinais presentados, as obras finalistas que serán dramatizadas para a súa emisión por un equipo de actores e actrices coordinados polo CDG e, nesta ocasión, con Cándido Pazó como director.

O prazo de presentación de orixinais á terceira edición do Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico remata o 31 de decembro.

**+ info en**[www.centrodramatico.org](http://www.centrodramatico.org)  
[e www.crtvg.es](http://www.crtvg.es)**O PÚBLICO DE CAIXANOVA COLOCA A "VALDEMULLER" ENTRE OS MELORES ESPECTÁCULOS DE 2008**

*Valdemuller*, a segunda producción do Centro Dramático Galego para a anterior temporada 2007-2008, foi elixido como terceiro mellor espectáculo de teatro galego polo público asistente ao Centro Cultural CaixaNova de Vigo. A valoración, que corresponde ao conxunto de actividades ofrecidas no devandito Centro no primeiro semestre de 2008, obtívose pola votación directa que os espectadores realizan libremente á saída dos espectáculos.

O departamento de Obra Social de CaixaNova emite periodicamente listaxes das preferencias dos seus espectadores por categorías de eventos, entre as que se atopan a música clásica, teatro xeral e teatro galego, ademais dunha clasificación

integrada que ten en conta todos os xéneros. Na categoría de teatro galego, a obra do CDG ocupa o terceiro posto, por detrás das producións *Humor negro*, de Carlos Blanco e Manecas Costa, e *Kamikaze*, a obra de novo circo a cargo de Pistacatro Productora de Soños realizada tamén en coproducción coa compañía pública. Os primeiros 5 postos da valoración complétanse con *O club da calceta*, de Teatro do Morcego, e *Robin Hood*, de Producións Acontrabutaca.

*A boa persoa de Sezúán***810 ALUMNOS DE 14 CENTROS DE ENSINO VERÁN "A BOA PERSOA DE SEZUÁN" EN SANTIAGO**

Un total de 810 alumnos procedentes de 14 centros de ensino de Caldas de Reis, Rábade, Ordes, Roi, Vigo, Arzúa, A Baña, Valga, Palas de Rei, Ribeira, Curtis, A Illa de Arousa e Santiago participan na campaña escolar de asistencia ás funcións de *A boa persoa de Sezúán*, dentro da temporda de exhibición no Salón Teatro desta última producción do CDG, que se estenderá até o 14 de decembro. Co obxectivo de facilitar o traballo na clase sobre o espectáculo e como complemento da formación docente, o CDG elaborou un caderno educativo asinado por Carlos Labraña, da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gáliz).

O público xeral tamén poderá disfrutar todos os venres, sábados, domingos e o xoves día 11 desta proposta escénica que vén da man do director Nuno Cardoso, un dos nomes destacados da nova escena portuguesa. A compañía pública leva aos escenarios esta fábula amarga sobre a busca da bondade nunha sociedade corrompida polos excesos capitalistas, coa que queda materializada a incorporación de Bertolt Brecht ao seu repertorio.

**+ info en**[www.centrodramatico.org](http://www.centrodramatico.org)

**A EAEM OFRECE 3 CONCERTOS  
COMO PECHE DO ENCONTRO  
ORQUESTRAL CON JORDI MORA**

A Orquestra de Alumnos da Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) ofrecerá este mes tres concertos públicos baixo a dirección do mestre catalán Jordi Mora, nos que interpretarán obras de Mozart, Debussy e Beethoven. As actuacións terán lugar o xoves 18 no Pazo da Cultura de Carballo, o venres 19 na Casa da Cultura Pintor Lloréns de Sada e o sábado 20 no Auditorio da EAEM en Santiago.

Nestas tres novas citas, que darán comezo ás 20.30 horas, os alumnos executarán un programa integrado porla *Obertura "A frauta máxica"*, de W.A. Mozart; a *Petite suite*, de C. Debussy; e a *Sinfonía n.º 2*, de L.V. Beethoven. Os concertos son o resultado do encontro de práctica orquestral que os alumnos manterán –por terceiro ano consecutivo– co profesor Mora no marco do programa formativo da Sección de Especialización da EAEM.



Jordi Mora Griso formouse en Barcelona, Alemaña (no Hochschule für Musik de Würzburg) como oboísta e foi bolseiro polo Estado de Baviera, onde se licenciou en Musicoloxía e Filosofía na Universidade de Múnich cunha tese sobre a instrumentación na obra sinfónica de Beethoven. Estuda Dirección Orquestral e Fenomenoloxía da Música co célebre Sergiu Celibidache, e ten participado en numerosas clases maxistrais e cursos de dirección na Universidade de Mainz, en Múnich coa Münchner Philharmoniker, Trier, Londres, Stuttgart e París. Foi director titular da Münchner Camerata, da Orquestra Sinfónica do Vallés e da Orquestra Nacional de Grecia. Como director convidado dirixiu en Alemaña, España, Francia, Italia, Rusia, Romanía, Grecia, EE.UU. e Sudamérica. Actualmente é director titular de l'Orquestra Simfònica Segle XXI (Cataluña) e da Bruckner Akademie Orchester (Múnich), orquestra coa que está a realizar a integral da obra sinfónica deste compositor.

# e\_scena

## novas obras de autores galegos

**Illa Reunión**

Ana Vallés


Edita: AGADIC-Edicións Laioveneto

Colección Escena Aberta, nº 1

ISBN: 978-84-453-4670-9

PVP: 16 euros

A Illa Reunión é como un espazo mítico, imaxinario, una illa para atopármonos, na que se encontran os diferentes personaxes que compoñen a obra. Un lugar que nos permite mudar a nosa imaxe pero levando ás costas todo o pasado, o noso e o herdado. Con este volume sobre o espectáculo que o Centro Dramático Galego estreou en 2006, a compañía pública inaugura unha nova colección dedicada ás súas últimas producións levadas a escena.



**Meditacións sobre un bemol**

José Luis Pedrosa

Edita: AGADIC-Dos Acordes


Colección Ars Gallaeciae Musicae,

serie Agra Nova, nº 6

ISSN: 979-0-9013138-7-3

PVP: 15 euros

Peza concibida para ser interpretada nas diferentes etapas da aprendizaxe do estudiante de piano, guiándoo tanto na técnica como no afondamento nos diversos elementos da lingua musical.



**O Morgado de Fafe em Lisboa /  
O Morgado de Fafe Amoroso**

Camilo Castelo Blanco


Edita: Universidade da Coruña, Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística

Colección Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, nº 57

ISBN: 978-84-9749-324-6

PVP: 14 €

Trátase das dúas pezas máis representadas e (re)coñecidas de Castelo Blanco. Unha dobre proposta dramatúrxica, chea de sátira, hipocrisia social e comicidade, protagonizada polo mesmo personaxe nas cidades de Lisboa e Foz.



03  
MÉRCORES04  
XOVES**Arela das Artes**  
*Ifixenia en Áulide*  
A Coruña 20.30  
COLÓN CAIXA GALICIA**Malasombra**  
*Non é tan fácil*  
Pontevedra 20.30  
TEATRO PRINCIPAL**Santart Teatro**  
*O peto de Pan*  
Santiago 20.30  
TEATRO ESCENA

SALÓN TEATRO SANTIAGO DE COMPOSTELA

**CDG**  
*A boa persoa de Sezuán*  
10.30 h  
(Función escolar)05  
VENRES**Nut Teatro**  
*A mirada de Pier*  
O Carballiño  
AUDITORIO MUNICIPAL**Artello Teatro Alla Scala 1:5**  
*Polgariño*  
A Coruña 12.00  
FORUM METROPOLITANO**Javier Martín**  
*Insultos privados*  
Ferrol 20.30  
CENTRO CULTURAL TORRENTE  
BALLESTER**Malasombra**  
*Non é tan fácil*  
Foz 21.00  
SALA BAHÍA**Teatro del Andamio**  
*A lingua das bolboretas*  
O Barco 21.00  
TEATRO MUNICIPAL LAURO  
OLMO**Mofa e Befa**  
*No Comment*  
Santiago 21.00  
TEATRO PRINCIPAL**Cámara Negra Teatro**  
*En la soledad de los*  
campos de algodón  
Santiago 20.30  
TEATRO ESCENA06  
SÁBADO**Artello Teatro Alla Scala 1:5**  
*Polgariño*  
A Coruña 19.00  
FORUM METROPOLITANO**Ensemble Vigo 430**  
*Do século XVIII ao XXI*  
Viveiro 20.30  
TEATRO PASTOR DÍAZ**Teatro del Andamio**  
*A lingua das bolboretas*  
Ribadavia 20.00  
CASA DA CULTURA**Mofa e Befa**  
*No Comment*  
Santiago 21.00  
TEATRO PRINCIPAL**Títeres Cachirulo**  
*Pinocho*  
Santiago 18.00  
SALA SANTART**Bacana**  
*Hendaya Mon Amour*  
Santiago 20.30  
TEATRO ESCENA

SALÓN TEATRO SANTIAGO DE COMPOSTELA

**CDG**  
*A boa persoa de Sezuán*  
20.30 h07  
DOMINGO**Katarsis, Educacion e Teatro S.L.**  
*Un ratiño e a lúa*  
Ortigueira 18.00  
TEATRO DA BENEFICENCIA**Títeres Cachirulo**  
*Pinocho*  
Santiago 12.00  
SALA SANTART09  
MARTES**Talía Teatro**  
*E tí, quen vés sendo?*  
Santiago 21.00  
TEATRO PRINCIPAL**Seisdedos**  
*Duetu de fío*  
Santiago 12.30  
TEATRO ESCENA09  
MARTES10  
MÉRCORES

SALÓN TEATRO SANTIAGO DE COMPOSTELA

**CDG**  
*A boa persoa de Sezuán*  
18.00 h11  
XOVES**Katarsis, Educacion e Teatro S.L.**  
*Un ratiño e a lúa*  
A Coruña 12.00  
FORUM METROPOLITANO**Mofa e Befa**  
*No Comment*  
Pontevedra 20.30  
TEATRO PRINCIPAL12  
VENRES**Katarsis, Educacion e Teatro S.L.**  
*Un ratiño e a lúa*  
A Coruña 12.00  
FORUM METROPOLITANO**Teatro del Andamio**  
*O monstro do castelo*  
Betanzos 12.00  
AULA MUNICIPAL DE CULTURA**Os Quinquilláns**  
*O Mago de Oz*  
Culleredo 19.15  
EDIFICIO DE SERVIZOS  
MÚLTIPLES**Cía. Galega de Danza Contemp. Ballet Jesús Quiroga**  
*Valle rosa*  
Narón 20.30  
AUDITORIO MUNICIPAL**Lagarta Lagarta**  
*Aeroplano*  
A Coruña 20.30  
TEATRO ROSALÍA CASTRO**D2**  
*Flores migratorias*  
Ferrol 20.30  
CENTRO CULTURAL  
TORRENTE BALLESTER**Teatro Galileo**  
*Náufragos*  
Foz 21.00  
SALA BAHÍA

SALÓN TEATRO SANTIAGO DE COMPOSTELA

**CDG**  
*A boa persoa de Sezuán*  
20.30 h13  
SÁBADO**Katarsis, Educacion e Teatro S.L.**  
*Un ratiño e a lúa*  
A Coruña 19.00  
FORUM METROPOLITANO**Teatro del Andamio**  
*O monstro do castelo*  
Betanzos 19.00  
AULA MUNICIPAL DE CULTURA**Cía Pepe Hevia**  
*Odonata*  
Narón 20.00  
AUDITORIO MUNICIPAL**Lagarta Lagarta**  
*Aeroplano*  
A Coruña 20.30  
TEATRO ROSALÍA CASTRO**Ancora Produccións**  
*Medidas preventivas*  
Viveiro 20.30  
TEATRO PASTOR DÍAZ

SALÓN TEATRO SANTIAGO DE COMPOSTELA

**CDG**  
*A boa persoa de Sezuán*  
20.30 h14  
DOMINGO**Produccións Acontrabutaca**  
*Robin Hood*  
Ourense 12.00  
AUDITORIO MUNICIPAL**Javier Muro**  
*Sonata máxica*  
Cedeira 18.30  
AUDITORIO MUNICIPAL**Fulano, Mengano e Citano Arte**  
*Tradición*  
Sada 20.00  
CASA DA CULTURA  
PINTOR LLORÉNS**Nova Galega de Danza**  
*Frida Kahlo*  
Narón 20.00  
AUDITORIO MUNICIPAL**A Internacional**  
*Frida Kahlo*  
Betanzos 20.30  
AULA MUNICIPAL DE CULTURA**Talía Teatro**  
*Menos lobos*  
A Coruña 12.00 e 19.00  
TEATRO DEL ANDAMIO**Caramuxo Teatro**  
*Glub, Glub*  
Santiago 12.30  
TEATRO ESCENA

SALÓN TEATRO SANTIAGO DE COMPOSTELA

**CDG**  
*A boa persoa de Sezuán*  
18.00 h16  
MARTES**Os Quinquilláns**  
*O Mago de Oz*  
Betanzos 11.00 e 12.30  
AULA MUNICIPAL DE CULTURA03  
MÉRCORES04  
XOVES05  
VENRES06  
SÁBADO07  
DOMINGO10  
MÉRCORES11  
XOVES12  
VENRES13  
SÁBADO14  
DOMINGO16  
MARTES

**18**  
XOVES

Talía Teatro  
O merlo branco  
Culleredo 19.15  
EDIFICIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES



**19**  
VENRES

Mofa e Befa  
No Comment  
A Coruña 11.30 e 20.30  
TEATRO ROSALÍA CASTRO

Títeres Cachirulo Do,  
Re, Mi, Mozart xoga aquí  
Culleredo 19.15  
EDIFICIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES

Arela das Artes  
Ifixenia en Áulide  
Ourense 20.30  
AUDITORIO MUNICIPAL

Teatro Meridional S.L.  
La verdadera historia  
de los hermanos Marx  
O Barco 21.00  
TEATRO MUNICIPAL LAURO OLMO

Lagarta Lagarta  
Aeroplano  
Ferrol 20.30  
TEATRO JOFRE

Orquestra da EAEM  
Concerto de Nadal  
Carballo 20.30 h  
PAZO DA CULTURA



Teatro do Atlántico  
Unha primavera  
para Aldara  
20.30 h

**18**  
XOVES

Teatro do Atlántico  
Unha primavera  
para Aldara  
20.30 h

**20**  
SÁBADO



Os Quinquilláns  
O Mago de Oz  
O Carballiño  
AUDITORIO MUNICIPAL

Grupo de Música  
Antiga Martín Códax  
A rúa das pantasmas  
Ponteareas 20.30  
AUDITORIO REVERIANO SOUTULLO

Mofa e Befa  
No Comment  
A Coruña 20.30  
TEATRO ROSALÍA CASTRO

Fulano, Mengano  
e Citano Arte  
Ribadavia 20.00  
CASA DA CULTURA

Orquestra da EAEM  
Concerto de Nadal  
Sada 20.30 h  
CASA DA CULTURA  
PINTOR LLORÉNS



Teatro do Atlántico  
Unha primavera  
para Aldara  
20.30 h

**20**  
SÁBADO

**21**  
DOMINGO

Búho y Maravillas  
Los músicos de Breñes  
Carballo 18.00  
PAZO DA CULTURA

Teatro Meridional S.L.  
La verdadera historia de  
los hermanos Marx  
Ourense 20.00  
TEATRO PRINCIPAL

Títeres Cascanueces  
A rúa das pantasmas  
A Coruña 12.00 e 19.00  
TEATRO DEL ANDAMIO

Títeres Cascanueces  
A rúa das pantasmas  
A Coruña 19.00  
TEATRO DEL ANDAMIO

Compañía do  
Elefante Elegante  
Tristán Cara de Can  
Santiago 18.00  
SALA SANTART



Teatro do Atlántico  
Unha primavera  
para Aldara  
18.00 h

**21**  
DOMINGO

**22**  
LUNS

Galitoon  
Golulá  
Lugo 18.30  
AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE

Búho y Maravillas  
Los músicos de Breñes  
Cangas 18.00  
AUDITORIO MUNICIPAL

**22**  
LUNS

**26**  
VENRES

Artello Teatro Alla  
Scala 1:5  
Polgariño  
Cangas 18.00  
AUDITORIO MUNICIPAL

Os Quinquilláns  
O Mago de Oz  
Santiago 18.00  
TEATRO PRINCIPAL

Sarabela Teatro  
Dáme veleno  
Ferrol 20.30  
TEATRO JOFRE

Cuarteto Ephimere  
A muller como inspiración  
Foz 21.00  
SALA BAHÍA

**23**  
MARTES

Artello Teatro Alla  
Scala 1:5 Polgariño  
Ames 17.00  
CASA DA CULTURA  
DO MILLADOIRO



Galitoon  
Golulá  
Cangas 18.00  
AUDITORIO MUNICIPAL

**23**  
MARTES

**27**  
SÁBADO

Berrobambán Teatro  
Boas noites  
Cangas 18.00  
AUDITORIO MUNICIPAL

Títeres Cachirulo Do,  
Re, Mi, Mozart xoga aquí  
Gondomar 18.00  
AUDITORIO MUNICIPAL LOIS TOBÍO

Os Quinquilláns  
O Mago de Oz  
Santiago 18.00  
TEATRO PRINCIPAL

Albions Teatro  
Ao circo con Augusto e  
Bianco  
Muros 18.30  
CENTRO CULTURAL E XUVENIL

Artello Teatro Alla  
Scala 1:5  
Polgariño  
Foz 19.00  
SALA BAHÍA

Cyrille Sinclair  
A nosa maxia  
Ribadavia 20.00  
CASA DA CULTURA

Danthea Teatro  
As aventuras do Polichó-nela  
A Coruña 17.00 e 19.00  
TEATRO DEL ANDAMIO

CDG  
A boa persoa de Sezúán  
Vigo 20.30 h  
CENTRO CULTURAL CAIXANOVA

Teatro do Frio  
Diz que diz  
19.00 h  
Mostra de Teatro  
Infantil no Nadal

**27**  
SÁBADO

**28**  
DOMINGO

Entremans  
Que pasa aquí?  
Ourense 18.00  
TEATRO PRINCIPAL

Galitoon  
Babiliglub  
Carballo 18.00  
PAZO DA CULTURA

The Pinga Teatro  
O rei de mares  
Gondomar 18.00  
AUDITORIO MUNICIPAL LOIS TOBÍO

Chrystyan Magic  
A maxia do Nadal  
Cedeira 18.30  
AUDITORIO MUNICIPAL

Berrobambán Teatro  
Boas noites  
Santiago 18.30  
TEATRO PRINCIPAL

Tres Globos  
O sapo encantado  
A Coruña 17.00 e 19.00  
TEATRO DEL ANDAMIO

CDG  
A boa persoa de Sezúán  
Vigo 20.30 h  
CENTRO CULTURAL CAIXANOVA

Pistacaturo  
Ringorango  
19.00 h  
Mostra de Teatro  
Infantil no Nadal

**28**  
DOMINGO

**29**  
LUNS

Títeres Cachirulo  
Do, Re, Mi, Mozart xoga  
aquí  
Ourense 18.00  
TEATRO PRINCIPAL

Artello Teatro Alla  
Scala 1:5  
Polgariño  
Carballo 18.00  
PAZO DA CULTURA

Sarabela Teatro  
Cristovo e o Libro das Ma-  
rabilhas  
Lugo 18.30  
AUDITORIO M. GUSTAVO FREIRE

Disque Danza  
Menú vexetal (dáme verde)  
Santiago 18.30  
TEATRO PRINCIPAL

Teatro del Andamio  
O mostro do castelo  
Gondomar 18.00  
AUDITORIO MUNICIPAL LOIS TOBÍO

Páprika Teatro  
Runako e Ebere  
A Coruña 17.00 e 19.00  
TEATRO DEL ANDAMIO



Teatro Gorakada  
La ciudad inventada  
19.00 h  
Mostra de Teatro  
Infantil no Nadal

**29**  
LUNS

**30**  
MARTES

Teatro Gorakada  
La ciudad inventada  
Ourense 17.00  
TEATRO PRINCIPAL

Disque Danza  
Menú vexetal (dáme verde)  
Santiago 18.30  
TEATRO PRINCIPAL

Disque Danza  
Menú vexetal (dáme verde)  
Gondomar 18.00  
AUDITORIO MUNICIPAL LOIS TOBÍO

Os Quinquilláns  
O Mago de Oz  
Lugo 18.30  
AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE

The Pinga Teatro  
O rei de mares  
O Barco 20.00  
TEATRO MUNICIPAL LAURO OLMO



Sarabela Teatro  
Cristovo e o Libro  
das Marabilhas  
19.00 h  
Mostra de Teatro  
Infantil no Nadal

**30**  
MARTES

**31**  
MÉRCORES

Disque Danza  
Menú vexetal (dáme verde)  
Lugo 18.30  
AUDITORIO MUNICIPAL  
GUSTAVO FREIRE

**31**  
MÉRCORES

## 1. CONVOCATORIAS AGADIC

Convocatoria	Contido	Dirixido a	Data límite
<b>CCG e CDG. Programa Artistas en Residencia 2008-2009</b>	Programa da AGADIC, xestionado polo CCG e o CDG, para o apoio dos artistas ou colectivos artísticos que desexen desenvolver un proxecto de investigación ou de creación nos ámbitos do teatro, escrita teatral, circo, danza e outras artes do movemento; ou dos artistas que, desde outras disciplinas, traballen coa danza, o teatro e o circo como referencia.	Creadores individuais (persoas físicas) ou colectivos (persoas xurídicas) que precisen espazo e tempo para realizar un traballo tanto de investigación como de creación. Consulta das bases completas da convocatoria en: <a href="http://www.agadic.info">www.agadic.info</a> / <a href="http://www.centrodramatico.org">www.centrodramatico.org</a> / <a href="http://www.centrocereografico.org">www.centrocereografico.org</a>	4 de decembro
<b>CCG. Workshop de danza</b>	O Centro Coreográfico Galego organiza este encontro, no que André Braga, responsable da dirección artística da compañía portuguesa Circolando, traballará cos alumnos un posible método de desenvolvemento da creación artística. O curso celebrarse en horario de mañá do 19 ao 22 de xaneiro no campus sur da Universidade de Santiago (sala multiúso, pistas de atletismo, módulo 1)	Vinte prazas para estudantes e profesionais da danza, do circo e das artes do movemento. Prezo da matrícula: 48 euros. Máis info.: Centro Coreográfico Galego / Tel. 981 134 946 / <a href="http://www.centrocereografico.org">www.centrocereografico.org</a>	Aberto o prazo de inscrición até esgotar as prazas
<b>CDG. Curso de planificación da producción escénica</b>	Tiago Andrade, director de producción do Centro Cultural Vila Flor de Guimarães, e Ana Coelho, directora executiva da Artemrede-Teatros Associados de Portugal, impartirán este curso deseñado e coordinado por Setepés. Desenvolveranse en horario de tarde do 26 ao 30 de xaneiro no Salón Teatro de Santiago.	Vinte prazas para persoal vinculado á producción escénica e produtores das compañías profesionais de artes escénicas de Galicia. Prezo da matrícula: 50 euros. Máis info.: Centro Dramático Galego / Tel. 981 581 111 / <a href="http://www.centrodramatico.org">www.centrodramatico.org</a>	Aberto o prazo de inscrición até esgotar as prazas
<b>Feira Galega das Industrias Culturais Cultur.gal 08</b>	O cultur.gal congrega as empresas e institucións dos eidos editorial, audiovisual, das artes escénicas, musical, das novas tecnoloxías e dos servizos culturais para dar a coñecer e difundir os produtos e servizos culturais galegos máis actuais e innovadores. Organizado pola Consellería de Cultura e Deporte, coa colaboración de diversas entidades dos diferentes sectores, desenvólvese no Palacio de Exposicións e Congresos (Palexo) da Coruña.	Profesionais da cultura e público xeral. O acceso a todas as zonas de exposición, venda de produtos e servizos e máis ás actividades programadas é totalmente libre. Máis info.: <a href="http://www.culturgal.com">www.culturgal.com</a>	Do 4 ao 7 de decembro
<b>RGMV-Catalunya 2009</b>	A Rede Galega de Música ao Vivo estenderase en 2009 a Cataluña grazas ao acordo establecido entre a AGADIC e o Institut Català de les Indústries Culturals (ICIC) para a programación de música galega en salas pertencentes á Associació de Sales de Concerts de Catalunya (ASACC).	Calquera formación musical galega e salas integradas na ASACC, que deberán formalizar as súas inscricións a través da web <a href="http://www.galescena.info/musicalvivo">www.galescena.info/musicalvivo</a> nos prazos establecidos.	15 de decembro (ás 14.00 h) *
<b>III Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico</b>	Organizado polo Diario Cultural da Radio Galega, en colaboración co CDG e co patrocinio da Consellería de Cultura e Deporte, o premio pretende fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio. A súa dotación económica é de 3.000 € para cada unha das súas dúas categorías (premio do xurado e premio do público).	Todos os escritores e escritoras, sempre que non teñan vínculo laboral coa CRTVG, que presenten traballos orixinais e inéditos en lingua galega, en formato de guión radiofónico dramático. Máis info.: <a href="http://www.centrodramatico.org">www.centrodramatico.org</a> e <a href="http://www.crtvg.es">www.crtvg.es</a>	31 de decembro

\* Inscrición de grupos: do 3 ao 15 de decembro (ás 14.00 h)  
 Fase de programación das salas: do 17 de decembro de 2008 ao 13 de xaneiro de 2009 (ás 14.00 h)

## AGADIC

## Producóns con distribución pechada (\*)

Valdemuller

## Producóns con distribución en curso

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIONES	ESPECT./FUNC	FACT./FUNC
Santiago	<i>Estigma</i>	13	80,62	214,23 €
Tui	<i>Estigma</i>	2	189,50	500,00 €
Narón	<i>Estigma</i>	2	63,00	304,40 €
O Barco	<i>Estigma</i>	1	275,00	[FUNC. GRATUITA]
Vigo	<i>Estigma</i>	2	266,00	496,00 €
Ribadeo	<i>Estigma</i>	1	150,00	[FUNC. GRATUITA]
Ferrol	<i>Estigma</i>	1	61,00	273,00 €
Vilagarcía	<i>Estigma</i>	1	145,00	[FUNC. GRATUITA]
A Coruña	<i>Estigma</i>	2	191,50	386,00 €
Ribadavia	<i>Estigma</i>	1	503	1.520,00 €
Almagro	<i>Noite de Reis</i> **	3	259,33	1.986,67 €
Santiago	<i>Noite de Reis</i> **	5	187,6	1.403,00 €

## Producóns con distribución en curso

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIONES	ESPECT./FUNC	FACT./FUNC
A Coruña	<i>Kiosco das almas perdidas</i>	3	304,33	1.028,20 €
Vigo	<i>Kiosco...</i>	2	427,50	3.152,50 €
Pontevedra	<i>Kiosco...</i>	2	263,50	747,00 €
Vilagarcía	<i>Kiosco...</i>	1	114,00	192,00 €
Xixón	<i>Kiosco...</i>	2	134,50	685,36 €
Santiago	<i>Kiosco...</i>	2	342,00	1.162,00 €
Narón	<i>Kiosco...</i>	1	171,00	945,60 €
Cádiz	<i>Kiosco...</i>	1	335,00	1.184,40 €
Reus	<i>Kiosco...</i>	2	306,50	1.480,50 €
Sevilla	<i>Kiosco...</i>	2	72,50	442,50 €
Tui	<i>Kiosco...</i>	1	223,00	990,00 €
Málaga	<i>Kiosco...</i>	1	107,00	257,00 €
Ferrol	<i>Kiosco...</i>	2	80,00	712,50 €
Viseu (PT)	<i>Kiosco...</i>	2	82,50	419,00 €
Ponferrada	<i>Kiosco...</i>	1	87	715,00 €
Ourense	<i>Kiosco...</i>	2	111	699,80 €
Pontevedra	<i>Kiosco...</i>	1	113	202,00 €
Carballo	<i>Kiosco...</i>	1	350	[FUNC. GRATUITA]
Xixón	<i>Kiosco...</i>	1	185	[FUNC. GRATUITA]
Barcelona	<i>Kiosco...</i>	2	224	2.417 €
Ribadavia	<i>Kiosco...</i>	1	623	2.082,00 €

COMPANÍA	ESPECTÁCULO	Nº FUNC	ESPECT./FUNC	FACT./FUNC
Ángels Margarit / Cia. Mudances	<i>Larlandland</i>	2	84,5	487,50 €
Factoría Escénica Internacional	<i>El agresor</i>	2	48,5	195,00 €
Cia. Daniel Abreu + CCG	<i>Negro</i>	2	88,5	477 €
Sinsal	<i>Matt Valentine &amp; Erika Elder... + Igloo</i>	1	91	518,00 €
Sinsal	<i>Michael Gira + (r)</i>	1	87	554,00 €
Voadora	<i>Perifería</i>	2	149,5	137,50 €
Sinsal	<i>Baby Dee + O Fillo Pausado</i>	1	145	1.152,00 €
Uró Teatro	<i>Ados/dos</i>	2	69	441,50 €
CDG	<i>Valdemuller</i>	19	110,63	328,26 €
CDG	<i>Estigma</i>	13	80,62	214,23 €
Sond'Ar-te	<i>Homenaxe a Enrique X. Macías</i>	1	55,00	[GRATUITA]
Electric Ensemble				
AcciónST	<i>Teatro delle Ariette, Nut Teatro e Teatro D2</i>	2	54,50	283,00 €
AcciónST	<i>Teatro delle Ariette, Roberto Leal &amp; Friends e Iván Marcos</i>	2	61,50	620,50 €
Círculo Novas Músicas	<i>Fran Pérez e Manecas Costa</i>	1	95,00	684,00 €
Círculo Novas Músicas	<i>Nordestin@s</i>	1	110,00	835,00 €
Círculo Novas Músicas	<i>Carmen Dor</i>	1	45,00	318,00 €
Teatro de Ningures	<i>Bailadela da morte ditosa</i>	2	137,50	85,00 €
CDG	<i>Noite de Reis</i>	5	187,60	1.403,00 €

(\*) Desglose en anteriores números de e\_scena

(\*\*) Para os datos de *Noite de Reis* previos á súa reposición, consultar anteriores números de e\_scena

## TOTAL ACUMULADOS 2007

	FUNCIONES	PÚBLICO	Ocupación	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
Ó regreso ao deserto (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
Tarará Chis Pum (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
A Piragua (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
Vacuo (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
Noite de Reis (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

## TOTAL ACUMULADOS 2008

	FUNCIONES	PÚBLICO	Ocupación	FACTURADO
Salón Teatro	60	6.103	43,25%	25.552,00 €
Noite de Reis (CDG)	15	4.386	68,57%	28.888,20 €
Valdemuller (CDG)	56	7.758	35,33%	13.910,65 €
Estigma (CDG)	26	3.602	30,75%	7.950,80 €
Kiosco das almas... (CCG)	33	7.309	33,88%	33.487,91 €

Marco González Tango Argentino	2	191	222,5
Migallas Teatro	7	95	190,14
Mofa e Befa	4	135,5	502
Músik-walk	3	65,67	226
Nunca +1	4	71	179,5
Nut Teatro	4	79,75	176,63
O Mago Teto	4	116,25	296,75
Orquestra de Cámara de Galicia	2	107	246
Os Monicreques de Kukas	14	124,57	218,39
Os Quinquiñállans	5	189	379,8
Pisando Ovos	6	41,5	103,67
Pistacastro Productora de Soños	10	176,6	782,2
Producóns Acontrabataca	8	191,63	522,56
Quinto de Vento Metal Santa Cecilia	3	113,67	238,33
Román García	2	60	195
Sapristi	5	141,4	233,95
Sarabela Teatro	8	193	1204,69
Talía Teatro	30	164,73	414,27
Tanxarina Títeres	8	131,25	226,31
Teatro de Adro	11	83,45	339,95
Teatro de Ningures	19	103,84	367,53
Teatro do Andamio	6	113,33	273,42
Teatro do Atlántico	7	164,86	520,07
Teatro do Morcego	19	147,47	632,84
Teatro do Noroeste	10	75,7	313,8
Teatro Ensalte	5	50,6	169,6
Teatro Galileu	17	122,41	471
Teresa Nieto en Compañía	1	76	340
Títeres Cachirulo	8	162,75	238,14
Títeres Trompicallo	10	164,1	324,65
Trakatap	1	71	87
Vocalise	1	157	345
Volta e Dalle Teatro	7	100,14	321,39

	Nº FUNCIONES	ESPECT./FUNC	FACT./FUNCIÓN
A Coruña. IMCE	28	198,46	804,25 €
A Coruña. Teatro Colón Caixa Galicia	13	146,15	550,90 €
A Estrada	13	95,23	284,77 €
Ames	16	93,75	197,02 €
Arteixo	9	156,67	352,15 €
As Pontes de García Rodríguez	4	108,25	149,38 €
Betanzos	6	113,83	332,58 €
Boiro	8	155,5	243,56 €
Burela	8	239,5	743,56 €
Cambados	5	142,4	174,60 €
Cangas de Morrazo	12	152	496,17 €
Carballo	18	103,78	233,98 €
Cedeira	11	126,27	172,68 €
Cee	8	87,75	205,88 €
Culleredo	10	46,4	99,75 €
Ferrol	20	70,2	244,80 €
Foz	10	94,6	210,75 €
Lalín	4	63,5	168,75 €
Lugo	5	195,4	480,80 €
Mondoñedo	8	60,63	194,00 €
Monforte de Lemos	4	76,25	134,50 €
Muros	9	106	194,00 €
Narón	11	214,73	1.224,89 €
Noia	3	91	204,00 €
O Carballiño	4	65,75	173,13 €
Oleiros	5	157,4	516,30 €
Ortigueira	7	43,14	114,71 €
Ourense. Teatro Principal	12	135,08	835,83 €
Ourense. Auditorio Municipal	13	155	213,77 €
Pontearas	5	184,4	447,30 €

## [...] REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

## CONCELLOS/ENTIDADES

Pontevedra	11	346,27	924,59 €
Redondela	9	225,44	481,33 €
Ribadavia	4	72	180,50 €
Ribadeo	8	126,75	288,00 €
Sada	13	109,54	171,58 €
San Sadurniño	8	55,25	113,94 €
Santiago de Compostela	33	136,48	460,09 €
Sanxenxo	6	97,83	380,00 €
Tui	8	242,63	640,44 €
Vigo. Auditorio Municipal	20	137,5	386,30 €
Vigo. Caixa Nova	5	196,4	1.423,00 €
Vilagarcía de Arousa	2	75,5	121,00 €
Vilalba	8	61,13	133,13 €
Viveiro	8	144,88	351,75 €

TOTAIS RGTA (até xuño)	2006	2007	2008
Funcións	287	365	432
Público	46.849	42.647	58.279
Ocupación	40,19%	29,71%	37,04%
Facturado	132.931,70 €	127.583,31 €	175.127,74 €

REDE GALEGA DE  
MÚSICA AO VIVO

## GRUPOS

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
A Tuna Rastafari	4	129	406,00 €
Aguardiente Swing Quartet	7	49,43	196,71 €
Alberto Pérez	8	56,25	213,81 €
Alegales	7	48,71	100,14 €
Álvaro Muras	7	30,86	56,57 €
Álvaro Vieito Trío	10	34,9	84,90 €
Ataque Escampe	4	33,25	75,00 €
Avelafáña	4	28,5	68,25 €
Balakandra	4	28,75	67,25 €
Bruno T. Ford	7	33,43	93,43 €
Bukowski Blues Trío?	12	39	108,92 €
Capitán Furilo	8	33,38	64,13 €
Carlos Childe Troupe	6	44,67	134,17 €
Carlos López Quartet	4	19,75	91,75 €
Carmen Dor	3	38	102,33 €
Coanhadeira	6	29,33	52,00 €
Colectivooruga	4	26,75	63,50 €
Cool Beat	3	16,67	82,00 €
Cornelius	11	73,18	215,09 €
Détour	6	28,83	81,67 €
Día de Furia	3	83,33	235,00 €
Diego Massimini	1	16	24,00 €
Dismal	4	75	298,75 €
Dorian Gray	9	24,33	58,78 €
Edu Manazas & Whiskey Tren	4	65,25	249,25 €
El Cubo	6	59,83	180,00 €
Elodio y Los Seres Queridos	3	66,33	182,00 €
Fabulosos Cubatas de Fockink Brothers	6	42,33	125,00 €
Fernando Esclusa	9	29,67	64,56 €
Grasa	8	34,25	78,63 €
Gustavo Almeida & Brasilian Night	6	38,33	101,00 €

## GRUPOS

Heissel	7	66,43	197,86 €
Holywater	7	79,43	280,43 €
Hot3 Sss	4	28,75	101,00 €
Igloo	8	65,38	202,38 €
Ivan & Josito	4	55,5	208,50 €
Jabón Blue	4	63,5	150,75 €
Jaso&booo Jazz Performance	5	19,2	40,80 €
Jato Nejro Jazz Trío	3	18,33	52,00 €
Jugoplastika	8	46	136,75 €
Kin García Trío	3	39,67	159,00 €
Kogito	4	84,25	173,50 €
Le Punk	6	69	236,83 €
Little Albert Boogie Band	6	29	72,33 €
Los Casanovas	3	31	83,00 €
Los High Sierras	8	46,5	131,38 €
Machina	2	42,5	99,00 €
Mama Boogie	2	31,5	94,50 €
Miki Nervio & The Bluesmakers	5	64,6	224,20 €
Mitocondrias	4	34,75	93,00 €
Moondogs Blues Party	6	41,83	108,50 €
Mr. Dixie Jazz Band	7	38	187,71 €
Niño y Pistola	5	47,6	136,00 €
O Leo I Arreméaghona!	6	49,17	97,50 €
O Sonoro Maxín	5	71,8	240,60 €
Pacífico	9	61	169,89 €
Pepa e Davide & Madame Cell	5	56,6	159,40 €
Por Placer	7	44	100,43 €
Renato Spencer & Cafè Caxaca	1	16	48,00 €
Rockers Go To Hell	3	67	205,00 €
Samuel Levi	2	14	33,00 €
Sax Machine	9	27,22	63,89 €
Stereotipos	5	38,6	116,00 €
Sumrrá	3	46,33	190,67 €
Sweet Oblivion Band	6	57	123,33 €
Swingpool	5	41	80,80 €
Tangata	5	35,6	105,00 €
Tango Bar	6	47	124,83 €
The Blows	11	117,91	415,18 €
The Turre's Band	3	55	123,00 €
Ton Martínez - Risco / Jacobo de Miguel Dúo	4	32,5	125,00 €
Tonhitto de Poi e Rasaloba	2	61,5	173,75 €
Transilvanians	6	98,17	326,67 €
Ú-lo Trío?	5	33,2	108,00 €
Vetusta Morla	6	151,67	526,17 €
Vozes da Rádio	6	50,17	179,67 €
We Are Balboa	5	40,6	128,20 €
Zenzár	5	51,6	144,00 €

## SALSAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/ CONCERTO	FACT/ CONCERTO
A Fragua (Redondela)	11	29,45	55,73 €
Ache (Marín)	8	62,88	278,44 €
Aturuxo (Bueu)	18	82,67	291,50 €
Auriense Café Cultural (Ourense)	9	45,56	88,67 €
Babel (Lugo)	6	63,5	237,00 €
Badulake (Ordes)	7	35,43	92,57 €
Bar Liceum (O Porriño)	9	63,22	207,33 €
Baranda (O Barco de Valdeorras)	14	52	156,00 €
Borriquita de Belém (Santiago)	7	45,86	102,57 €

## SALAS

Café-cultural Roi Xordo (Allariz)	9	43,44	123,78 €
Catro Camiños (A Rúa)	5	44	88,00 €
Clandestino (Nigrán)	7	33,71	120,71 €
Clavicémbalo (Lugo)	19	32,42	83,00 €
Contrabajo (Vigo)	13	26,54	89,15 €
Disco-sala Ogmios (Cariño)	1	44	132,00 €
El Ensanche (Vigo)	10	36,5	113,10 €
El Otro Caimán (Monforte de Lemos)	4	74	177,50 €
Forum Celtaicum (Culleredo)	6	78	180,00 €
Garufa (A Coruña)	7	46,57	126,86 €
Jazz Filloa (A Coruña)	7	34,57	172,86 €
Jazz Vides (A Coruña)	14	42,86	174,86 €
La Casa de Arriba (Vigo)	15	31,33	90,33 €
La Fábrica do Chocolate (Vigo)	21	78,48	239,10 €
La Galeríazz (Vigo)	7	18,29	91,43 €
La Iguana Club (Vigo)	7	91,86	317,14 €
Manteca Jazz (Vigo)	4	60,25	292,50 €
Marrucha (Baiona)	9	53,33	124,33 €
Micos (Cariño)	9	26	52,00 €
Náutico (O Grove)	4	49,5	144,00 €
O Con do Moucho (A Illa de Arousa)	6	44,67	112,00 €
Planeta (Sarria)	8	62,13	267,88 €
Pub o Muíño (Cervo)	8	37,38	83,13 €
Pub d'Antón Rock Café (A Laracha)	13	55,38	155,42 €
Pub Gatos (Melide)	16	30,88	86,69 €
Pub Leblón (Pontecaldelas)	10	30,5	46,10 €
Sala Run Rum (Ferrol)	11	58,64	195,55 €
Sala 600 (Melide)	7	134,71	219,86 €
Sala Clan (Xinzo de Limia)	9	70,22	209,00 €
Sala Karma (Pontevedra)	8	57	249,13 €
Sala Mogay (Chantada)	10	57,7	173,10 €
Salason (Cangas de Morrazo)	7	55,86	185,14 €
Salón Parroquial (Ponteareas)	8	57,25	80,88 €
Vagalume Café Concerto (Salvaterra)	7	47,14	111,43 €
Verbum Jazz (Vigo)	9	32,78	83,44 €
Woodstock (Sanxenxo)	11	35,55	106,64 €
Zona Zero (Caldas de Reis)	10	37,9	112,90 €

## TOTAIS RGVM (até xuño)

2007	2008
Concertos	550
Público	26.454
Ocupación	25,91%
Facturado	65.268,00 €
	<b>63.446,00 €</b>

## TOTAIS RGS (até xuño)

2007	2008
Funcións	98
Público	3.183
Ocupación	34,53%
Facturado	16.475,00 €
	<b>12.199,00 €</b>